

Curso 19-20

CONCURSO

As Percuolimpiadas van dirixidas a **TODO** o alumnado de percusión matriculado no CMUS Profesional de Santiago de Compostela, sen límite de curso ou idade.

Establécense tres categorías:

- Categoría A: Alumnado de Grao Elemental
- Categoría B: Alumnado de 1º a 3º de Grao Profesional
- Categoría C: Alumnado de 4º a 6º de Grao Profesional

Dentro de cada categoría haberá dúas fases:

- Na 1ª fase o alumnado participante deberá presentar un programa de tres pezas, das cales unha deberá ser para caixa e outra para láminas, a terceira peza será de elección libre polo aspirante, podendo escoller calquera instrumento. Unha das tres pezas deberá ser interpretada de memoria. Os 3 mellores candidatos de cada categoría serán seleccionados para a fase final.
- Para a fase final, as pezas presentadas deberán ter as mesmas características que na fase anterior, e ademais unha delas terá que ser distinta das xa interpretadas na 1ª fase.

Nas dúas fases a duración das tres pezas (ou movementos) non deberá exceder os 15 minutos.

Cada participante deberá entregar ao xurado dúas copias do repertorio que interpretará.

XURADO

Na primeira rolda constituirase un xurado composto por tres profesores do centro, dos cales, a lo menos dous serán de percusión.

Na rolda final o departamento poderá invitar a un especialista de fora do centro.

A decisión do xurado será inapelable, podendo quedar premios desertos.

DATAS DE INTERESE

Prazo de inscrición: **do 6 ao 13 de marzo.**

Lista de admitidas/os e convocatoria das probas: **luns 16 de marzo.**

Probas de selección:

- 1ª Rolda:
 - **Mércores 18 de marzo**
 - Hora: de 18h a 21h
 - Lugar: Aula de Percusión
- 2ª Rolda:
 - **Mércores 25 de marzo**
 - Hora: Por determinar
 - Lugar: Auditorio do CMUS

Despois da primeira rolda, publicarase unha listaxe cos finalistas que tocarán na final.

Os resultados publicaranse no taboleiro e na web do centro: www.conservatoriosantiago.gal.

PREMIOS

O premio consistirá nun cheque-agasallo para material musical. Só haberá un premio por categoría, podendo haber mencións de honra, as que se lles outorgará un diploma acreditativo.

- Categoría A: Grao Elemental.
 - 1º premio: Cheque-agasallo de 50€
- Categoría B: de 1º a 3º de Grao Profesional.
 - 1º premio: Cheque-agasallo de 75€
- Categoría C: de 4º a 6º de Grao Profesional.
 - 1º premio: Cheque-agasallo de 100€

Os tres finalistas terán a oportunidade de participar coma solistas nun concerto de percusión no que cada un cubrirá unha parte do programa que será determinado entre o profesorado e o alumnado.